

## ROGO SOBRE VARIAS ACTUACIÓNS NECESARIAS NA CONTORNA DO CEIP MONTE DOS POSTES

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesar da súa veciñanza co Camiño Francés e do importante tránsito tamén de escolares, a rúa do Valiño non goza da atención debida por parte do Goberno municipal. Son moitas as deficiencias que presenta e poucas as medidas adoptadas para tratar de palialas. Unha das eivas máis recorrentes, polas queixas recibidas mais tamén polas iniciativas políticas xeradas, é a urbanización da zona á altura do número 11 da rúa Valiño, obxecto dun acordo unánime impulsado polo BNG hai xustamente un ano e que continúa á espera de que se aprobe e execute o correspondente proxecto.

Nas proximidades desa zona pendente de urbanizar, na praza á que se accede desde a rúa Belgrado ou desde as escaleiras que dan á Avda. do Camiño Francés, existe unha beirarrúa que se atopa en pésimo estado, con varias baldosas levantadas e, o que é peor, con varios ocos de gran profundidade a xeito de rexistro que non contan coa indispensable protección. A dous deles puxéronlle encima cadanseu valado metálico pero outros catro carecen de protección ningunha, co perigo que iso supón. Un perigo semellante ao que representa unha acometida eléctrica a medio rematar desde hai varios meses á beira da entrada principal do Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Monte dos Postes, na beirarrúa onde se sitúa unha marquesiña do transporte público e preto tamén dunha tapa de arqueta do tráfico que se atopa fracturada xusto ante o paso de peóns.

En relación con estas cuestións, das que se acompañan testemuñas gráficas, o Grupo Popular formula o seguinte ROGO:

***Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se fagan as xestións oportunas para acometer as actuacións de mellora que anteriormente foron descritas no ámbito do CEIP Monte dos Postes e da rúa Valiño, para garantir a seguridade e o tránsito peonil nesa zona.***

Santiago de Compostela, a 8 de xuño de 2018


María Ángeles Antón Vilasánchez  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

## ANEXO FOTOGRÁFICO



Tramo pendente de urbanizar, desde a rúa Valiño e desde a praza que conecta coa rúa Belgrado



Beirarrúa na praza próxima á rúa Belgrado



Detalle dun dos ocos carente de protección



Acometida eléctrica sen rematar na rúa Valiño



Tapa rompida á beira da entrada do colexio 2/2